

Tema 17

A SEGUNDA REPÚBLICA (1931-1936)

As reformas da II República

A reforma agraria

Un dos elementos centrais do amplo proceso reformista impulsado polos gobernos republicanos foi a reforma agraria. O seu obxectivo era facer fronte á desigual distribución da propiedade da terra, para mellorar a situación do campesiñado e incrementar a produtividade agrícola. A existencia de amplas masas de campesiños sen terras, xornaleiros das rexións latifundistas do sur, e de pequenos propietarios e arrendatarios ó límite da subsistencia nas rexións setentrionais, constituía un problema endémico en España. Por iso a reforma agraria converteuse nunha das principais reivindicacións do campesiñado.

Antes da súa aprobación en 1932, o goberno provisional de Niceto Alcalá-Zamora xa implantara unha serie de leis que aspiraban a mellorar a situación dos traballadores no campo. Pola súa banda, a Lei da Reforma Agraria regulaba a redistribución da terra, facultando ó Estado á expropiación e reparto de terras particulares nunha serie de supostos. Entre elas estaban as terras incultas ou mal cultivadas, as comunais non explotadas de maneira directa, ou as carentes de rego pola desidia dos seus donos. Posto que a lei tamén prevía a indemnización dos propietarios expropiados, creouse o Instituto de Reforma Agraria, para desenvolver este proceso e facilitar créditos ás familias campesiñas beneficiadas pola medida.

A reforma tivo que afrontar grandes problemas, sobre todo a radical oposición dos propietarios agrícolas. Isto provocou o incremento da conflictividade social no campo, especialmente en Andalucía e Extremadura. A complexidade burocrática do proceso e as limitacións orzamentarias fixeron que a reforma se aplicase con grande lentitude e afectase a moitos menos campesiños dos previstos. Ademais, como todas as reformas emprendidas durante o Bienio de esquerdas, o seu desenvolvemento estaría condicionado pola conxuntura política. Así, derrogouse durante o Bienio de dereitas, mentres o triunfo da Fronte Popular nas eleccións de 1936 conlevou o seu restablecemento. Con todo, o levantamento militar do mesmo ano impediu a súa aplicación e calquera intento de reforma.

Reforma da Igrexa

A República propúxose limitar a influencia dunha igrexa moi poderosa na sociedade española e secularizar a vida social. Estas intencións plasmáronse na Constitución, que estipulou: a non confesionalidade do Estado, a liberdade de cultos e a supresión do orzamento de culto e clero, permitiuse o divorcio, o matrimonio civil e secularizáronse os cemiterios. O temor ás ordes relixiosas pola influencia que estas tiñan a través da ensinanza levou á disolución da orde dos xesuítas e a nacionalización dos seus bens, prohibíuselles a ensinanza ás outras ordes. O problema relixioso creoulle ó réxime republicano os

seus maiores inimigos e protagonizou os debates mais afervoados, o que deu como resultado que unha parte dos sectores católicos da sociedade percibise esta lexislación como unha agresión á relixión .

A reforma do exército

Azaña impulsou persoalmente unha reforma no exército que pretendía crear un exército profesional e democrático, para o cal cría que era necesario reducir os efectivos militares e acabar co excesivo número de oficialidade. Azaña, tamén se propoñía poñer fin ó foro especial dos militares e asegurar a súa obediencia ó poder civil, acabando coa tradicional intervención do exército na vida política e co golpismo. Para estes fins tomou as seguintes medidas: **“lei do retiro da oficialidade”**, pola que todos os militares en activo tiñan que prometer a súa adhesión ó réxime, concedéndolles a posibilidade de retirarse co soldo íntegro se así o desexaban. Ademais, suprimiuse a lei de xurisdicións e pechouse a Academia Militar de Zaragoza para frear o crecemento innecesario do número de oficiais. Para evitar ter que recorrer ó exército e á Garda Civil, moi desprestixiada polas súas violentas represións, o Goberno provisional creou un novo corpo para ter unha forza leal á República: **A Garda de Asalto**, unha policía nacional republicana que debía utilizarse para controlar as manifestacións e asegurar a orde pública nas cidades. Por todo isto, a lei foi recibida por sectores do exército, sobre todo polos africanistas, como unha agresión á tradición militar e provocou amplas tensións e un intento de golpe de estado militar do xefe da garda civil, o xeneral Sanjurjo en 1932, foi a **“sanjurjada”**.



Xuizo polo intento de Golpe de Estado do Xen. Sanjurjo

A reforma educativa

O principal obxectivo do goberno de esquerdas era promover unha educación liberal e laica e facer do Estado o garante do dereito á educación. A súa política ía encamiñada a reducir as elevadas taxas de analfabetismo existentes e mellorar o nivel cultural da poboación, creando cidadáns libres responsables que serviran de base para a transformación da sociedades. Na Constitución quedou recollida a nova filosofía educativa: ensino obrigatorio, mixto, gratuíto e laico. O cese de actividades docentes dos relixiosos obrigou ao goberno a iniciar un acelerado programa de construción de escolas. O centro da súa actividade foi o desenvolvemento dun vasto proxecto de escolarización que pretendía a construción de numerosas escolas en toda España (10.000) e a mellora da formación dos mestres (7.000 novos mestres)

A reforma do Estado centralista. As autonomías

A Constitución republicana intentou conxugar as aspiracións de autogoberno dalgunhas rexións coa defensa do Estado unitario, establecendo que o Estado integral republicano era compatible coa autonomía dos municipios e as rexións. Aquelas zonas que, en razón de afinidades históricas, culturais e económicas decidiran organizarse como rexión autónoma, deberían elaborar un Estatuto de Autonomía e superar as seguintes condicións: ser proposto pola maioría dos concellos, ser aprobado polos dous terzos dos electores da rexión en referendo e, por último, ser aprobado polas Cortes xerais. Cataluña foi a primeira en conseguir a autonomía (1932), seguida do País Vasco (1936) e Galicia. Todos estes procesos espertaron receos e oposición entre os defensores do centralismo e, nomeadamente, entre os militares, que se consideraban depositarios da unidade nacional.



Imaxes : WikiComkons (Dominio Público)